




RUTA

Miño aberto, río abaixo

Reserva da Biosfera "Terras do Miño"



RUTA

Miño aberto, río abaixo

Reserva da Biosfera "Terras do Miño"



PROYECTO COFINANCIADO POR LA
COMUNIDAD EUROPEA



FONDO EUROPEO DE DESARROLLO
REGIONAL



MINISTERIO
DE INDUSTRIA,
TURISMO Y
COMERCIO



DIRECCIÓN
GENERAL
DE TURISMO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA



Dirección Xeral de Turismo



EXCMO. CONCELLO DE LUGO



ASOCIACIÓN
EMPRESARIAL
DE HOSTELERÍA
DE LUGO



lugo
Plan de Excelencia Turística



RUTA

Miño aberto, río abaixo

Reserva da Biosfera "Terras do Miño"

Miño aberto, río abaixo.

Reserva da Biosfera "Terras do Miño"

Esta camiñada é un paseo delicioso, inmediato á cidade, e constitúe un dos privilexios únicos de Lugo, xa que a cidade conta cuns arredores fluviais esplendorosos.

Decorre entieramente polo Parque do Miño, espazo que se integra na **Reserva da Biosfera "Terras do Miño"**. O Miño, río maior de Galicia, móstrase aquí aberto e luminoso. Transcorre paralelo á N-VI , á outra banda desta estrada temos a cidade.

Flora

A vexetación arbórea está constituída polos ameneiros das ribeiras. O **ameneiro** é a árbore más natural nas ribeiras dos ríos galegos, e aquí alcanzan un tamaño e unha disposición verdadeiramente notables. Ademais atopamos **bidueiros**.

O río ten unha **flora acuática** espectacular. Aparte das espadanas que abundan nas zonas limosas das ribeiras, nos seus amplos remansos de fondo fértil medran enormes mantos de oucas, marabillosos na época de floración. Este espectáculo con semellante dimensión atópase en moi poucos lugares.

Fauna

Este tramo do río é o mellor miradoiro de aves do concello de Lugo. Isto é debido ó río en si, que resulta moi acolledor para elas, e mais á presenza dunha insua, situada no medio do río un pouco despois da fin do parque, que a moitas lles serve de refuxio.

O número de especies visibles é moi considerable: **lavandeiras brancas, verderolos, ferreiros e ferreiriños**. Algunhas das más fermosas e abundantes entre as propiamente acuáticas son o **cormorán grande, a garza real, o lavanco, o bilurico bailón, o merlo rieriro, a lavandeira real...**



Itinerario

Primeiro temos un tramo curto no que a ribeira vai más ben alta sobre as augas, cunha pendente duns 45º, pero moi axiña chegamos á parte máis característica, na que a pradela ou pasteiro morre suavemente pouco por riba da superficie normal do río, que vai represado e fondo.

A razón desta lentitude é o **caneiro** que atopamos de contado: o *caneiro do Valuro*. É unha presa en V moi pechada, e a súa utilidade normal era como pesqueira.

As **pesqueiras do Miño** foron famosas, e moi importantes para a economía ribeiría lusense. As angúias, que hoxe son moi escasas por culpa dos encoros hidroeléctricos, eran abundantísimas en tempos. A anguía curada era a comida que máis se ofrecía aos forasteiros nas vellas feiras de San Froilán; despois, ó escasearen, foi completamente substituída polo polbo.

A anguía ten un ciclo reprodutivo moi particular. A posta é no Mar dos Sargazos, ó outro lado do Atlántico. As larvas son arrastradas pola corrente do Golfo, e chegan ás nosas costas despois dunha viaxe de tres meses, na última fase larvaria, duns 7 cm. de longo. Sofren unha transformación, e convértense en meixón, tan apreciado polos gastrónomos. Os machos quedan nos esteiros e as femias que superan o axexo dos pescadores soben polos ríos. Unha vez adultas, a maior parte delas baixaban no verán, tempo no que eran capturadas nos caneiros en cantidades enormes. Cóntase que ás veces os batuxos, pequenas barcas de fondo plano, afondaban con cargas imprudentes; e os

carros de vacas ou de bois, aparellados con catro ladrairos e caínzo, cantaban con elas polos camiños. As angúias femias que libraban dos infinitos caneiros volvían canda os machos ó mar dos Sargazos, onde cada unha poña máis dun millón de ovos, e despois morría; e así volvía comezar o ciclo.


Despois do *caneiro do Valuro*, atopamos unha corrente algo máis rápida, e o río perde fondura. Chega o momento en que o fondo é de coios, e no verán pódese pasar a pé á outra ribeira. Por aquí é o chamado Porto de Santalla.

Nos ríos galegos, os tradicionalmente chamados *portos* non teñen nada que ver con barcos. Un *porto* de río é simplemente un lugar pouco fondo, un vao natural, que se prolongaba artificialmente a unha e outra banda do río e permitía o paso cómodo de xente, gando e carros. Naturalmente, de inverno non servía; pero os labores de sementeira e recolleita tradicionais ían da primavera alta ó outono, e o carrexo de forraxe para o gando facíase en batuxos cando era necesario.

Esta zona, ó final do parque, é a mellor para observarmos as aves que teñen o seu refuxio na insua que hai moi preto augas abaixo. Aquí tamén hai unha airosa pasarela que nos permite pasar sobre a estrada e ir ó campus universitario, que ten xardíns moi agradables.



Miño aberto, río abaixo



LONXITUDE: 1,6 qm.

DURACIÓN APROXIMADA: a pé, 1 h.



MODO DE PERCORRIDO E DIFICULTADE:

a pé e en bicicleta, dificultade baixa.

ACCESSIBILIDADE: accesible para discapacitados.

CARTOGRAFÍA: 97-II Calde.

PERFIL TOPOGRÁFICO:



Como chegar

En coche: Desde a oficina municipal de turismo (na Praza da Constitución) segue a Rolda da Muralla e a algo máis de 2 qm. –á altura da Porta de Santiago– toma o desvío á dereita cara á N-VI, e baixa cara ó río Miño pola rúa Santiago (unha rúa con forte pendente e unha curva á esquerda en cambio de rasante). Sen desviarte desta rúa –e tras pasar o cruce coa Rolda da República Argentina– a pouco máis de 100 metros verás o mirador Volta da Viña na marxe dereita. Continua pola vía facendo xiro de 360º para introducirta na N-VI, dirección Madrid. Xa nesta estrada, déixalo Balneario de Lugo a man dereita e segue uns metros até o aparcadoiro habilitado entre o propio Balneario o Mesón do Miñón. Ten unhas vinte prazas e está situado no comezo da ruta.

